



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Deseño e desenvolvemento da acción socioeducativa	Código	652G03002	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Rodríguez Romero, María del Mar	Correo electrónico	mar.rromero@udc.es	
Profesorado	Rodríguez Romero, María del Mar	Correo electrónico	mar.rromero@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A materia busca ofrecer recursos conceptuais, metodolóxicos e éticos para comprender diversas aproximacións metodolóxicas e analizar proxectos e experiencias específicas aplicadas no deseño e desenvolvemento de proxectos socioeducativos comprometidos coa democracia participativa e a autoxestión da vida cotiá no escenario da crise ecosocial e da pandemia</p> <p>A materia busca presentar o deseño e desenvolvemento de proxectos socioeducativos non como meros dispositivos técnicos senón como opcións epistemolóxicas e prácticas situadas que implican posicionamentos e compromisos políticos, sociais e pedagóxicos.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Analizar criticamente procesos, accións e proxectos socioeducativos identificando a súa perspectiva ética e/ou paradigma.	A2 A9 A10 A11	B5	C1 C4
Familiarizarse coas metodoloxías participativas descubriendo as posibilidades que ofrecen para empoderar ás persoas e os grupos sociais e transformar a sociedade e o mundo.	A1 A9 A10 A11 A18 A19	B2 B5	C1 C4
Vincular a acción socioeducativa e concretamente o deseño e desenvolvemento de proxectos socioeducativos coa extensión da democracia participativa, a xustiza social e os Dereitos Humanos	A1 A9 A10 A11	B1 B2 B5	C1 C4
Aplicar habilidades de reflexión e traballo cooperativo á lectura, interpretación e discusión de fontes primarias de información (documentos impresos, electrónicos, audiovisuais, etc.) e tamén á análise de experiencias de educación social mediante a realización dun traballo de campo.	A6 A8 A9 A10 A11 A13	B1 B2 B5	C1 C3 C4



Utilizar o galego a nivel escrito e oral coa calidade lingüística requirida.		B1	C1
		B2	C3
Coñecer referentes profesionais no ámbito da inserción laboral que teñen o galego como lingua de traballo	A20		C4

Contidos	
Temas	Subtemas
NÚCLEO 1. Mapeando os proxectos de acción educativa sociocomunitaria no escenario do procomún	<p>1.1. O proxecto en educación social como construción educativa, sociocomunitaria e política.</p> <p>1.2. As bases do proxecto: democracia participativa e xustiza social, autoxestión da vida cotiá, dereitos humanos, dereitos das seres humanas, obxectivos de desenvolvemento sostible, obxectivos do bo vivir e sostenibilidade.</p> <p>1.3. Prácticas de innovación cidadá, creatividade social e micro utopías baseadas nos coidados.</p> <p>1.4. O proxecto desde diferentes perspectivas epistemolóxicas. A perspectiva adaptativo-conservadora, a perspectiva educativo-reformadora, a perspectiva crítico-transformadora. O interese técnico, o interese práctico e o interese emancipador. Os paradigmas positivista, interpretativo, crítico, postcrítico e desconstrutivista</p>
NÚCLEO 2. : Metodoloxías de participación comunitaria na sociedade dos coidados	<p>2.1. Metodoloxías participativas e Investigación Acción Participativa</p> <p>2.2. O ilusionismo social</p> <p>2.3. A fotovoz e as pedagogías feministas</p> <p>2.4. A cartografía social</p> <p>2.5. A metodoloxía Oásis</p>
NÚCLEO 3. Fases e elementos dos proxectos socioeducativos	<p>3.1. O estudo do contexto e a negociación inicial</p> <p>3.2. O traballo de campo, a devolución da información, o autodiagnóstico e a construción de acordos</p> <p>3.3. A planificación das accións</p> <p>3.4. O desenvolvemento das accións</p> <p>3.5. Avaliación do proceso e dos resultados</p> <p>3.6. Participación cidadá, grupos de traballo e estruturas organizativas e institucionais</p> <p>3.7. Ferramentas e técnicas relacionadas coa información, coa participación e coa construción de acordos</p>
Núcleo 4. Procesos participativos en marcha: orzamentos participativos e rede muncial de cidades, pobos, barrios, illas en transición, investigación acción participativa feminista,	<p>4.1. Porta Aberta (A Coruña)</p> <p>4.2. Decide Madrid</p> <p>4.3. Orzamentos participativos en Portugal</p> <p>4.4. Escenarios en transición</p> <p>4.5. Microutopias da vida cotiá: grupos de apoio mutuo, aplanar a curva, etc.</p> <p>4.6. Xustiza reproductiva, alfabetización menstrual crítica e IAP feminista</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A1 A2 A9 A10 A11 B1	8	25	33
Aprendizaxe colaborativa	A1 A2 A6 A9 A10 A11 A13 C1	5	20	25



Estudo de casos	A1 A6 A8 A9 A10 A11 A18 A19 A20 B1 C3 C4	5	25	30
Discusión dirixida	A2 A9 A10 A11 A13 A20 B1 B5 C1 C4	12	12	24
Traballos tutelados	A9 A10 A11 A13 A20 B1 B2 B5 C1 C4	12	24	36
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Presentación comprensiva de documentos multitextuais e análise e reflexión sobre o seu contido en relación con procesos participativos e propostas, perspectivas, experiencias e proxectos estudados.
Aprendizaxe colaborativa	Traballo en equipos, presencial ou on line, para contrastar puntos de vista sobre a información extraída dos documentos, realización de resumos analíticos e aplicación a estudos de caso e resolución de problemas.
Estudo de casos	Selección de casos (experiencias, proxectos, etc) para analizar e reflexionar sobre a súa vinculación cos contidos da materia.  Presentación de casos e/ou experiencias participativas na Galicia formando parte do &quot;Programa Piloto para a docencia en galego no Grao en Educación social&quot;. Con unha finalidade dupla: Visibilizar referentes profesionais que utilizan o galego como lingua de traballo. Achegar praxes profesionais vencelladas á participación de diferentes colectivos na Galicia
Discusión dirixida	Posta en común do traballo de análise e reflexión realizado polos equipos sobre os documentos multitextuais e os casos estudados formulando argumentos con diferentes perspectivas tendo en conta a diversas propostas estudadas na materia.
Traballos tutelados	Traballo en equipo que implica a realización de traballo de campo en escenarios socioeducativos, aplicando a metodoloxía de estudo de caso ou a análise de documentos multitextuais e a recollida de datos mediante medios dixitais. Esixe asistencia obrigatoria ás titorías planificadas para guiar o proceso.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Supervisión nas clases interactivas e nas titorías do traballo en grupo que implica a realización dun estudo de caso. A estrutura e as condicións de realización entregaranse a comenzo de curso.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A9 A10 A11 A13 A20 B1 B2 B5 C1 C4	Traballo en equipo: análise de estudos de caso, realización de microinvestigación con traballo de campo. Por exemplo, Fotovoz.  Criterios de cualificación do análise dos estudos de caso: - Informe: adecuación aos requisitos de estrutura e contido, e elaboración da información. - Apéndices: organización e análise de datos (fotos, resúmos, etc.). - Traballo de campo (cantidade e pertinencia da recollida de datos, número de compoñentes do equipo, complexidade/diversidade dos datos).	45



Análise de fontes documentais	A1 A2 A9 A10 A11 B1	<p>Proba mixa que permite examinar ideas procedentes das fontes documentais, establecer conexións entre contidos, dar razóns e argumentar e deseñar unha acción socioeducativa a partir dun caso.</p> <p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Definición de conceptos: mencionando/recoñecendo aspectos claves.</li><li>- Explicación de conceptos: presentación razonada das características ou implicacións relacionadas cos conceptos ou identificación de explicacións axeitadas</li><li>- Relación fundamentada entre contidos de propostas ou proxectos diferentes ofrecendo/recoñecendo información sobre as razóns dos vínculos.</li><li>- Acción socioeducativa coherente co caso e con as decisións metodolóxicas.</li></ul>	45
Aprendizaxe colaborativa	A1 A2 A6 A9 A10 A11 A13 C1	<p>Cartafol do grupo (10%)</p> <p>Criterios de avaliación do cartafol:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- análise da información</li><li>- presentación da información</li><li>- número de tarefas de clase incluídas</li></ul>	10

Observacións avaliación



## Cualificación final

Tanto o exame como o traballo colaborativo teñen que ser avaliados con nota mínima de 5 para poder considerarse aptos. Cando algunha das actividades de avaliación non acaden a cualificación de aprobado e a suma dos porcentaxes sexa de 5 o superior a 5 a cualificación que figurará nas actas será a obtida na actividade suspensa.

### Integridade académica:

Os contidos incluídos nos traballos deben estar apropiadamente referenciados ao longo do texto e no apartado de referencias usando as normas APA 6ª edición. O texto literal debe declararse usando as normas APA 6ª edición. No parafraseo deben figurar as fontes orixinais das ideas que se reelaboran. A presenza de fontes no traballo é un signo de credibilidade que é requisito imprescindible para demostrar excelencia académica.

### Recoméndase consultar:

[www.suagm.edu/umet/biblioteca/pdf/GuiaRevMarzo2012APA6taEd.pdf](http://www.suagm.edu/umet/biblioteca/pdf/GuiaRevMarzo2012APA6taEd.pdf)

[http://www.ugr.es/~plagio\\_hum/0401Prevencion.htm](http://www.ugr.es/~plagio_hum/0401Prevencion.htm)

### Política antiplaxio:

As citas e referencias a calquera tipo de texto deben declararse. O uso de texto literal ou ideas de outros autores ou autoras parafraseadas sen declarar a fonte supón o suspenso do traballo en aplicación do artigo 14.4 da normativa académica de avaliacións, cualificacións e reclamacións, aprobada polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013, na que se indica que "na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade".

### Debe consultarse:

[http://www.ugr.es/~plagio\\_hum/](http://www.ugr.es/~plagio_hum/)

<http://blogbibliotecas.mecd.gob.es/2015/01/22/plagio-academico>

### Prazo de Admisión de propostas para o traballo tutelado:

Non serán admitidas propostas para o traballo tutelado unha vez rematado o prazo de admisión fixado na documentación complementaria que será entregada na clase.

### Composición dos grupos e traballo:

Nas tarefas en grupo, incluído o traballo tutelado, a avaliación de cada membro variará en función da asistencia a clase, as sesións obrigatorias de seguimento e en función da implicación no proceso. Ao longo da realización do traballo e nas diversas convocatorias de avaliación ponde darse variacións na composición dos grupos e no número de compoñentes se, a criterio da profesora, así se asegura a elaboración apropiada do mesmo.

### Asistencia:

Cunha asistencia inferior o 80% das clases presenciais non contará a nota da aprendizaxe colaborativa.

É obrigatoria a asistencia do alumnado ao 80% das sesións.

Se realiza o exame sen superar o requisito de asistencia, a cualificación final del alumnado será de 50% para o exame e 50% para o traballo tutelado.

Nestos casos o alumnado ten que falar co profesorado sobre as condicións de realización do traballo.

### Dispensa académica de exención de asistencia:

Aqueles e aquelas estudantes que teñan recoñecida a dispensa académica de exención, mediante solicitude previa na Administración do centro, de asistencia serán avaliados a través de traballo e exame individual, igual que aqueles que non cumpran a asistencia do 80% das clases. A nota final será de 50% para o exame e 50% para o traballo tutelado. Será necesario unha nota igual ou superior a 5 sobre 10 para aprobar a materia. Nestos casos o alumnado ten que falar coa profesorado sobre as condicións de realización do traballo.

### Condición de NON PRESENTADO

A condición de NON PRESENTADO só será acadada cando non realice ningunha das actividades de avaliación, é dicir nin o dossier, nin a proba de exame nin o traballo tutelado. A realización dalgunha das actividades de avaliación obriga recibir a correspondente cualificación.

### Linguaxe non discriminatorio e inclusivo, transversalidade de xénero e interculturalidade::

É obrigatorio o uso dunha linguaxe correto, respectuoso e inclusivo que visibilice o feminino, evitando termos discriminatorios relativos a xénero, a

etnia, a procedencia social, a diversidade funcional, a orientación sexual, etc. O non cumprimento deste requisito en todos os traballos da materia acarreará consecuencias negativas na nota de ata un punto menos.

Segunda convocatoria

Seguirase os criterios definidos para a primeira convocatoria.

Citas e referencias

Usarase unha adaptación do modelo de citas APA para cumprir co ODS 5, Igualdade das mulleres, e facer visible a figura das mulleres e facilitar o análise da paridad das bibliografías. Deberán usarse referencias que aseguren ou estean próximas a paridade na realización dos traballos da materia. O incumplemento acarreará ata un punto de penalización.

Pode consultarse a seguinte ligazón para ver exemplos de citación

<https://biblioteca.uoc.edu/es/pagina/Estilo-APA/>



Fontes de información

<p><b>Bibliografía básica</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- ALBERICH, Tomás. et al. (2010). Metodoloxías Participativas. Manual. <a href="http://www.redcimas.org/archivos/libros/manual_2010.pd">http://www.redcimas.org/archivos/libros/manual_2010.pd</a></li> <li>- Encinas, Javier et al (2010). Ilusionismo social. Investigación participativa y culturas populares. <a href="http://ilusionismosocial.org/">http://ilusionismosocial.org/</a></li> <li>- Villasante, Tomás R. (2006). Desbordes creativos. Estilos y estrategias para la transformación social.. Madrid: La Catarata</li> <li>- García Barón, Catalina (2005). La cartografía social en la práctica. <a href="http://www.quartiersdumonde.org/uploads/documento/archivo/25/Documento_de_sistematizaci_n_de_la_util">http://www.quartiersdumonde.org/uploads/documento/archivo/25/Documento_de_sistematizaci_n_de_la_util</a></li> <li>- ENDA América Latina - Colombia (2003). La cartografía social como recurso metodolóxico para el proyecto barrios del mundo. <a href="http://territorioyculturapuj.files.wordpress.com/2010/07/la-cartografia-social-como-recurso-metodolo">http://territorioyculturapuj.files.wordpress.com/2010/07/la-cartografia-social-como-recurso-metodolo</a></li> <li>- Encina, J. y Ávila, María Ángeles (2014). El desempoderamiento. Viviendo la construción de un nuevo mundo sin poder. Sevilla: Edita UNILCO-espacio nómada</li> <li>- Max-Neef, Manfred (1998). El desarrollo a escala humana. Conceptos, aplicaciones y algunas reflexiones. Barcelona: Icaria</li> <li>- Red Cimas (2015). Metodoloxías Participativas. <a href="http://www.book2look.com/book/wAaFoznPtl">http://www.book2look.com/book/wAaFoznPtl</a></li> <li>- Encina, Javier y Ezeiza, Ainoa (2017). Sin poder. VolapuK</li> <li>- Hernández, M<sup>a</sup> Dolores; Martín, Pedro y Tomás R. Villasante (2003). Estilos y coherencias entre las metodoloxías creativas. Metodoloxías y presupuestos participativos</li> <li>- Lather, Patti (2006). Paradigm proliferation as a good thing to think with: teaching research in education as a wild profusion. International Journal of Qualitative Studies in Education</li> <li>- Andreotti, Vanessa et al. (2019). Da casa construída pela modernidade o micelio saudábel. Sinergias ? diálogos educativos para a transformación social</li> <li>- Andreotti, Vanessa et al. (2015). Mapping interpretations of decolonization in the context of higher education. Decolonization: Indigeneity, Education &amp; Society</li> <li>- Soliz, Fernanda y Maldonado, Adolfo (2012). Guía de metodoloxías comunitarias participativas Guía No. 5 . Clínica Ambiental</li> <li>- Sanz Vega, Carlos Miguel; Noriega Pérez, Alba; Noguero del Cid, Carmen y Serra Lorenzo, Rubén (2018). Manejo de la técnica Fotovoz como herramienta comunitaria. RqR</li> <li>- Escalante Ruiz, María Gracia (2015). Photovoice: voces sin sonido. Servicios Sociales y Política Social</li> <li>- Instituto ELOS (s/d). Metodología Elos Manual de Bolso .</li> <li>- Fernández Ramos, Javier y Piñeiro García de León, Concepción (2015). Metodología OASIS: vivir el cambio que queremos ver en el mundo EREMOS VER EN EL MUNDO. REVISTA INTERNACIONAL sobre INVESTIGACIÓN en EDUCACIÓN GLOBAL y para el DESARROLLO</li> <li>Basaigoti, Manuel; Bru, Paloma y Lorenzada, Concha (2001): IAP (Investigación-acción participativa) ?de bolsillo?. Madrid: ACSUR-Las Segovias. Lorenzana, Concha (ed.) (2002): Tomamos la palabra. Experiencias de ciudadanía participativa. Barcelona: Icaria/AC SUR-Las Segovias. Bibliografía xeral</li> <li>Ander Egg, E. (1988). Formulación de Proyectos de Acción Social. Buenos Aires: Humanitas</li> <li>Ander Egg, E. (1990). Repensando la investigación-acción participativa. Comentarios, Críticas y sugerencias. Vitoria-Gasteiz: Servicio de Publicaciones, Gobierno Vasco.</li> <li>Ander Egg, E. (1997). Cómo elaborar un proyecto. (15ª ed.). Albacete: Editorial. Instituto de Ciencias Sociales Aplicadas.</li> <li>Ander Egg, E. y Aguilar, María José (2005). Guía para diseñar proyectos sociales y culturales. Buenos Aires: Lumen / Humanitas.</li> <li>Feliz, T. (2010). Diseño de Programas de Educación Social. Madrid: McGraw Hill.</li> <li>Herrero García, G. Y Ramírez Navarro, J.M. (2006). Manual práctico para elaborar Proyectos sociales. Madrid: Siglo XXI Parcerisa, A., Ginés, N. Y Forés, A. (Coord.).(2010). La Educación social: una mirada didáctica. Barcelona: Graó</li> </ul>
<p><b>Bibliografía complementaria</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Welp, Yanina (2018). Todo lo que necesitas saber sobre las democracias del siglo XXI. Buenos Aires: Paidós</li> <li>- Fdez. Casadevante, José Luis; Morán, Nerea y Prats, Fernando (2018). Ciudades en movimiento. Avances y contradicciones en las políticas municipalistas desde la óptica de las transiciones ecosociales. FUHEM</li> <li>- ( ). .</li> </ul>



## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Teoría da educación/652G03001

Materias que continúan o temario

## Observacións

Recomendacións Sostenibilidade Medio Ambiente&nbsp;A entrega dos traballos documentais&nbsp; será en formato virtual e / ou soporte informático. No caso de ter que imprimir algo en papel, por exemplo, carteis, dípticos, etc.; a impresión farase en papel reciclado e a dobre cara. Non se imprimirán borradores, só a versión final. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.Fomentárase que os materiais que se desfeiten da materia (papeis, plásticos) se tiren nos respectivos contenedores habilitados para tal fin. Os materiais empregados para a realización das experiencias deben ser na medida do posible materiais reutilizados, realizando campañas no centro para a súa recollida no caso de ser necesario. Intentárase transmitir aos/as estudantes a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade para que estos os apliquen non so na aula, senón nos comportamentos persoais e profesionaisFacer un uso sostible dos recursos e da prevención de impactos negativos sobre o medio natural no relativo a realización dos traballos da materia.Ter en conta os principios éticos relacionados coa sostenibilidade nos comportamentos personais e profesionais.Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores e autoras, propiciárase a intervención en clase de alumnos e alumnas, analízase os textos tendo en conta estereotipos e nesgos).Será obrigatorio a utilización dunha linguaxe inclusivo e do tratamento da perspectiva de xénero nos traballos da materia. De non ter sido considerados podería penalizarse a nota final con un punto menos por cada aspecto.Trabállárase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas, e influírse na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.Facilitárase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades o acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.A integridade académica terá que estar presente nos traballos realizados no senso de referenciar axeitadamente as fontes orixinais e usar os modos de citación axeitados para honrar as autoras e autores das ideas utilizados nos mesmos. Non cumprir con este requisito carrexará consecuencias negativas na calificación final en función do alcance da falta cometida.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías